



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2024/11
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, XOVES 17 DE OUTUBRO DE 2024 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO (Alcalde)

ASISTEN:

PSOE

SANTIAGO M. TOBA CAMPAÑA

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: ROSA MARIA FERNANDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da Acta da sesión anterior

A Secretaria manifesta que na acta anterior fíxose constar na intervención de Dna Merce Barrientos, que o importe para SAF ao que se referiu era 1250000€, cando o correcto é 250000€.

Asemade, pídesse que conste a palabra “zarzales” e non silvas, na intervención de D. Iago Toba.

O Pleno, aproba a acta da sesión anterior coas manifestacións expostas.

2.-Dar conta decretos de delegación, nomeamentos e Xunta de Goberno Local

Infórmase ao Pleno dos decretos de Delegación, nomeamentos e Xunta de Goberno Local, adoptados pola Alcaldía o 14 de outubro 2024, dos que teñen copia os grupos municipais.

A secretaria manifesta que no decreto relativo ás sesión da XGL, houbo un erro e que a primeira sesión



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ordinaria deste órgano será o 23 de outubro de 2024.

3.-Dar conta continuidade grupos políticos municipais

Infórmase da continuidade dos grupos municipais existentes e os seus integrantes, ao non existir comunicación en contra.

4.-Periodicidade sesións Plenarias.

Sen xerarse debate, queda aprobada por unanimidade a proposta de Alcaldía neste punto:

O Pleno celebrará sesión ordinaria os 3º xoves de cada mes impar, ás 20,30 h. Se ese día coincidise con festivo, a sesión celebrarase o día inmediato hábil anterior.

A primeira sesión ordinaria celebrarase o vindeiro día 21 de novembro de 2024.

5.-Proposta asistencia a órganos colexiados.

Queda aprobada por unanimidade a proposta de alcaldía ao respecto :

“ É intención desta Alcaldía que as asistencias a órganos colexiados segan sendo as seguintes:

60€ por asistencia a Pleno e XGL

50€ pos asistencia a Comisións informativas

30€ por asistencia a órganos colexiados.”

6.-Proposta representantes en órganos colexiados

A Secretaria manifesta que na Proposta de Alcaldía a referencia á participación doutros grupos municipais, refírese a Consellos Escolares. Asemade explica que debe engadirse á proposta a representación no Consello Escolar da Galiña Azul: Titular: Dna Aurelia Picallo, Suplente: Dna Sofía López, que por erro non se incluíu inicialmente.

O Sr Alcalde intervén: “Quero darlle opción á oposición a participar nos consellos escolares. Se queren facelo avísenme.”

Intervén seguidamente D Iago Toba: “ Teño que votar o que ven aquí e é curioso que fagades unha proposta na que propoñedes isto respecto aos consellos escolares pero non sobre a Mancomunidade, GDR, etc, como vostedes dixeron que lles gustaría participar. Aínda non nos chamou , cousa que eu fixen e que lle pode dicir a súa socia de goberno, previamente ao pleno. A representante do BNG naquel momento manifestou que non lle parecía ben que houbera cinco persoas como representantes en todos os órganos... espero que siga mantendo o que dixo a representante do BNG, muleta do PP. Nos seguimos sempre no mesmo lugar e se naquel momento dixemos que aos órganos irían os membros do goberno, agora mantemos o mesmo e votaremos a favor, pero quero recalcar que estaremos pendentes, e que deberá facerse un traballo diferenciado cada un na súa área porque o nomeamento de Aurelia



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Picallo como concelleira de educación non debe interferir na labor que se faga sobre o CEIP de Os Muíños pois nos chegou información que de ser certa non imos estar calados. Non oculte o que pasa no colexio, sexa honesta .”

Contesta o Sr Alcalde: “ Non o interrompín para nada, vostede non propuxo que formásemos parte destes órganos e eu si que o fago. En canto ao que di de Aurelia Picallo, vexo que vostede insinúa algo pero nunca proba o que insinúa, e non debe facelo porque ninguén dubida da profesionalidade de Aurelia co seu traballo no colexio.”

Responde Iago Toba: “Cando me refiro á labor de Aurelia Picallo, non o fago para nada persoal se non como directora do colexio.”

Seguidamente é a quenda de Dna Sandra Vilela: “ Vostede ven aquí a insinuar cousas e non dicir nada. Se vostede ten algo que dicir sobre a labor da Directora do Ceip de Os Muíños, dígao.

Hoxe mesmo, dende a concellería de educación mandaron limpar os canlóns do CEIP, cousa que vostede non fixo pese a terllo pedido a vostede e a súa concelleira.”

Por outro lado, ninguén é muleta de ninguén. Hai un acordo, un consenso para poñelo fora do goberno. Deixanos co 1000000€ en facturas sen pagar, entre elas de Mikados en Arroutada.

Deixa un camión de lixo tirado en Berdoias dende fai 13 meses, outro no punto limpo, outro na Renault con 12000€ de reparación cun motor reventado, 30 roturas de auga sen atender dende fai meses, contenedores que se colocaron sen soporte, a última hora.... Vaia ver como está hoxe o punto limpo e como o deixou, como era o estado dos empregados do Concello, de como se sentían e como lles trataban. Eso foi o que pasou, poñer fora a un goberno que era nefasto para todos. Iso non vai de PP, nin de PSOE, nin de BNG, nin de Vox, se non de Muxía.

Non veña aquí a falar da rúa porque o que estaba a rúa era farta de vostede e o único que recibimos é agradecemento por ter acabado co que estaba a pasar en Muxía.”

Merce Barrientos manifesta o seu interese en formar parte deses órganos colexiados, mantendo, di, a mesma postura que tiña.

Sometida a proposta a votación queda aprobada por unanimidade. O seu contido é o seguinte:

CONSELLOS ESCOLARES:

Consello Escolar CEIP de Muxía:

Titular: Dna. Aurelia Picallo Merlán

Suplente: Dna Sofía López Simón



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Consello Escolar CEIP de Os Muíños:

Titular: Dna. Sandra Vilela Riveiro

Suplente: Dna. Sofía López Simón

Consello Escolar CEIP de Vilarmide:

Titular: Dna. Aurelia Picallo Merlán

Suplente: Dna. Sofía López Simón

Consello escolar IES de Muxía:

Titular: Dna. Aurelia Picallo Merlán

Suplente: Dna. Rosario González Lema

Consello Escolar A Galiña Azul:

Titular: Dna Aurelia Picallo

Suplente: Dna Sofía López,

MANCOMUNIDADE COMARCA DE FISTERRA:

Titular: D. Francisco Javier Sar Romero

Titular: Dna. Sandra Vilela Riveiro

Suplente: Dna. Aurelia Picallo Merlán

GDR:

Titular: D. Francisco Javier Sar Romero

Suplente: Dna. Sofía López Simón

GAC:

Titular: Dna. Sandra Vilela Riveiro

Suplente: D. Francisco Javier Sar Romero

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS SOCIAIS:

Titular: Dna. Sofía López Simón

Suplente: Dna. Rosario González Lema

COMISIÓN DE PATRIMONIO:

Titular: Dna. Rosario González Lema

Suplente: Dna. Sofía López Simón

7.-Proposta sobre dedicación de Alcaldía

A Secretaria da lectura á proposta de Alcaldía neste punto.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr Alcalde intervén: “O soldo do anterior alcalde dividino entre a tenente de Alcalde e eu. No seu día propúxenlle a vostede que cobrase menos e así os seus dous concelleiros cobrarían tamén, e non quisou.”

Intervén o voceiro do grupo municipal PSOE, Sr Toba: “ Sempre defendemos que as persoas que teñen un traballo, unha responsabilidade, teñen que cobrar pero hai cousas raras. Di que reparte o soldo e van de ricos polo pobo dicindo que non precisan nada, e hoxe vimos aquí a aprobar soldos. Fala dunha dedicación do 90%, e porque non o 100%?. É incompatible con algo que teña unha dedicación maior?”

O Sr Alcalde responde: “ Sorpréndeme que non saiba que eu teño un traballo, sempre traballei. Igual a vostede lle parece raro pero levo case 50 anos traballando. Teño unha empresa e non podo dedicar o 100% aquí por atendela. Nesta semana e media estiven máis tempo no Concello que vostede en ano e medio. Veño ás 8:30 e voume ás tres. Vostede di que eu dixen que ía estar aquí gratis e iso non é verdade”.

Intervén seguidamente Dña Sandra Vilela: “ Estarei ao 80% de dedicación porque teño unha empresa ,porque resulta que traballamos antes de estar no goberno deste Concello, o que vostede non pode dicir. Tiñamos e temos actividades e non precisamos estar en política para vivir. Dende que rematei a miña carreira empecei a traballar e non parei de facelo nunca. Podo vivir da miña empresa, o que vostede non pode dicir. Non faga insinuacións ridículas. Dende o martes 8 de outubro estamos aquí de 8:30 ata ás 15h. Pola tarde atendemos o que sexa deste Concello, sen horario. A porta da Alcaldía está aberta e o Alcalde dentro non como antes,que vostede estaba ao 100%, cobrando 40.000€ ano e non estaba. Non sabíamos onde estaba ou se estaba chorando por aí.”

O Sr Alcalde, advirte a D. Iago Toba que non interrompa á voceira do PP-

Continúa Dña Sandra Vilela: “Estamos adicados a este Concello como require Muxía.”

Seguidamente intervén Dña Merce Barrientos: “ O BNG segue no punto que estaba, non acepta imposición e está aberto a negociacións. Intentou impoñer 5 ou 6 veces dúas dedicacións de 25.000€ e deixando claro que esas persoas poderían adicarse igualmente ás súas profesións. Non sei de que se escandaliza o Sr Toba cando era o que quería impoñer para os seus concelleiros.

É certo que abrimos un proceso de negociación con IxM e o BNG manifestou que non estaba disposto a que houbera maiores inversións en dedicacións. Vostede non quixo negociar co BNG nin IxM salvo o seu salario co PP. Chámame a atención que me chame muleta do PP cando vostede negociou co PP a súa dedicación e ofreceulles presenza en órganos colexiados. O BNG non acepta imposicións e cremos que debe de estudarse o balance de situación, e cando se saiba a situación do Concello falaremos . Apoiamos que se manteña o mesmo gasto de dedicacións e respecto ao que dixen de que hai dúas persoas máis na XGL, direille que asistía con vergoña á comisión de urbanismo que se celebraban cada 15 días e polas que se cobraba 50€, que por seis persoas eran 300€ de diñeiro dos muxiáns. A que menos durou foi de 1,40 minutos e a que máis aproximadamente de 3 minutos. Eran un mero trámite nas que se lía un papel que era o mesmo que nos mandaban por e-mail. Todo estaba informado e non se votaba nada. Isto custaba aos muxiáns 9000€.

O BNG apoiará esta proposta cos límites que puxemos.”

Sometida a proposta a votación, por unanimidade dos presentes o pleno acorda:

PRIMEIRO.- Que o alcalde desempeñe o seu cargo con dedicación parcial co seguinte detalle: Días: de Luns a Venres Horario. De 8:30 a 15h

Porcentaxe de dedicación: 90%, percibindo por elo a retribución bruta anual pagadeira en 14



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

mensualidades por importe de 25.000 € .

Dar de alta no réxime Xeral da S. Social a D. Francisco Javier Sar Romero asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que correspondan

SEGUNDO.-A entrada en vigor do presente acordo será a partir do día seguinte da adopción polo Pleno do mesmo.

TERCEIRO.-Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería e proceder de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (portal de transparencia).

8.-Proposta dedicación da concelleira delegada de Cultura, Festexos, Turismo, Deportes, Xuventude e Asociacionismo.

A secretaria da lectura á proposta neste punto.

Intervén D Iago Toba: “ Evidentemente había soldos polo medio. O PP vendeuse por soldos. 16 meses de negociación para chegar a isto. Recalco que quen traballa ten unha responsabilidade e ten que cobrar e seguimos no mesmo sitio pero os que dicían que non din que si, si,si,, Lanzo unha mensaxe ós votantes do PP que co seu voto querían que Sandra Vilela fose Alcaldesa: Os vendeu por 27,14€, os seu voto vale iso. Naquel momento, e consta nas actas, Sandra Vilela dicía: “ Consideramos que a dedicación exclusiva do Alcalde é suficiente e que as persoas que se presentan a eleccións fano por compromiso... votaremos en contra....

Dicía a nova dereita do BNG, Merce Barrientos: “ renunciamos a asistencias...e quedan no partido. Hai que diferenciar un cargo dun traballo.. no meu caso o compromiso está máis que comprobado... Válevos e o mesmo argumento agora? No cobredes e contribuíde ao saneamento das contas do Concello. Propoño que a súa Tenente de Alcalde non faga como Olalla que estivo seis anos sen cobrar pero si tres, ata as novas eleccións. Somos coherentes e aínda que a miña compañeira traballou gratis, non vamos a ser impedimento para que a Tenente de Alcalde cobre e nos absteremos.”

O Sr Alcalde volve a dicirle a D Iago Toba que non interrompa e non sega co espectáculo. Continúa o Alcalde: “vostede ten capacidade para saber que a súa Tenente de Alcalde non cobrou porque vostede non quixo, nin o seu número 3, pese a que IxM e BNG llo propuxeron. Foi vostede quen non quixo rebaixar o seu soldo o que eu si que fago con Sandra.”

Seguidamente intervén Dna Sandra Vilela: “ Quero dar as grazas a Javier pola súa xenerosidade e por nomearme Tenente de alcalde. Hai moito traballo que facer e quero agradecerlle que tivera a capacidade de ver que é necesario que sexamos dúas persoas aquí, adicadas o 300%. No goberno si que discutimos e elo porque temos capacidade de debater, de confrontar. As concelleiras delegadas poden falar libremente, como Javier e eu. O que non é normal é o seu, vostede ditaba e os demais calaban. Se vostede quere facer unha proposta sobre algo faremos o mesmo, o discutiremos, o debateremos. Se a súa tenente de alcalde estivo seis anos sen cobrar non foi porque non o intentara se non porque votamos en contra xa que o que vostede propoñía custaba a Muxía 92000 euros /ano. O que propoñemos nos cústalle 45000€/ano. Fala vostede de dignidade e iso é o que hoxe me fai Javier Sar a min, baixa o seu soldo para que o teñamos os dous. Javier Sar ofreceulle que vostede cobrase menos e así os dous concelleiros cobrarían e vostede non quixo.

En canto aos 27,14€ do voto do PP que di, direille que unha das persoas do PP máis reticentes a facer o que fixemos era eu. Custoume dar-me conta do que era mellor para Muxía e dinme conta a tempo e foi a base de moito falar. Un día, pensando no mellor para este concello decidín dar o paso e consultei coa xente do PP que me deron as grazas por facelo, porque Muxía o necesitaba. Non era momento de siglas se non de pensar



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

en este Concello. Moitos dos que lle votaron din agora que se equivocaron. Temos un acordo programático e repítolle que non necesito 20000€ para vivir. Vostede si , porque non ten onde caerse morto. Estaba aquí de alcalde para cobrar porque outra cousa non facía. Eu veño a traballar para os muxiáns, cousa que vostede non pode dicir porque o único que fixo foi crear unha guerra social que quere continuar.”

Intervén a continuación Dna Merce Barrientos: “ En canto á postura do BNG, é a de sempre. Hai diferencias entre cargo e traballo. Aquí hai persoas que ostentan cargos e non reciben salario e outros que o reciben como dedicación. Hai un compañeiro concelleiro con cargo e que estaba no Concello máis que o Alcalde, e non cobraba. Tiña cargo pero non soldo. Se non conta con nos para negociar non conte para votar. A nos non nos chamou nunca. Vostede non sabe onde está nin como debe de comportarse e iso foi evidente ao longo dos eu mandato. Di que estamos no punto de mira pero vostede sabe que partido tiña 2000 votos e nas últimas autonómicas tivo 314? . Acusa ao BNG de por ao PP no goberno pero cremos que vostede é o responsable de que o PP forme hoxe parte do goberno de Muxía. O favor que lle debe ao seu partido a vostede son eses 314 votos e a situación actual. Quen está no punto de mira non é o BNG que sempre tivo vontade de negociar e nunca nos chamou ninguén salvo nesta ocasión Javier Sar, e o BNG puxo as mesmas condicións que antes. Non quero nin preciso o seu diñeiro.”

Dna Sandra Vilela volve a intervir: “ Esquecinme, vostede dixo antes que iamos ao teatro. Pois direille que eu sempre fun ao teatro e Javier Sar tamén. Vostedes foron ao teatro pero a meterse cunha nena de 14 anos, esa é a súa democracia e para acabar e é importante, o digno será que vostede devolva os teléfonos e Pc de propiedade do Concello que lle requirimos a través da policía local e que aínda non devolveu.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno cos votos a favor do grupo municipal IxM (2), PP(3) e mixto(1) e a abstención do resto (5) acorda:

PRIMEIRO.- Declarar en réxime de dedicación parcial o seguinte cargo: **CONCELLARÍA DELEGADA DE CULTURA ,festexos, Turismo, Deportes, Xuventude e Asociacionismo ,** co seguinte detalle:

Días de Luns a Venres Horario: 9:00 a 15 horas,.

Porcentaxe da dedicación: 80% Cantidad de. 20.000. € brutos a repartir en 14 pagas.

As pagas extras devengarase do mesmo modo que a dos funcionarios.

Dar de alta no réxime Xeral da S. Social a Dna. Sandra Vilela Riveiro, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que correspondan

SEGUNDO.-A entrada en vigor do presente acordo será a partir do día seguinte desde a adopción do acordo polo Pleno da Corporación.

TERCEIRO.-Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería e proceder de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e art. 8.1 f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (portal de transparencia)

9.-Proposta sobre Comisións Informativas

A secretaria explica a proposta de alcaldía neste punto.

O Sr Alcalde explica: “ Proponse non facer comisión de urbanismo e elo porque como xa se falou no seu día



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

non duraban ni un minuto, nunca gañei diñeiro máis rápido.

O Sr Alcalde volve a chamar a atención a D. Iago Toba por interrumpir a súa exposición.

Continúa o Sr Alcalde: “Dixémoslle que resultaban un gasto manifesto e se nos deu a entender que era obrigatoria e non é así. Daremos información suficiente e punto.”

O voceiro do Grupo municipal PSOE anuncia o voto en contra do seu grupo.

Intervén Dna Sandra Vilela: “ Era un custo duns 350 euros cada 15 días e me parece ben a súa supresión.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno por seis votos a favor dos grupo municipal IxM, PP e Mixto, e cinco en contra do grupo municipal PSOE, acorda aprobar a proposta de alcaldía neste punto, que se recolle a continuación:

Manter as seguintes comisións informativas:

-Comisión Xeral

-Comisión de Contas

A representación delas será a mesma que ata a de agora: 3 concelleiros do grupo municipal do PSOE, 2 concelleiros do grupo municipal PP, 1 concelleiro de IxM e 1 concelleiro do grupo Mixto (BNG).

A presidencia delas será ostentada pola Alcaldía actual, e as persoas que as integran serán as mesmas designadas no seu día polos grupos municipais salvo comunicación en contra deles.

Ás 20:40 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Concello de Muxía, mércores 6 de novembro de 2024

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Francisco Javier Sar Romero